

**Convocatoria de proba para un contrato en prácticas na categoría laboral de oficial administrativo  
na Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA**

**1. CATEGORÍA LABORAL**

Oficial administrativo.

**2. SALARIO ANUAL BRUTO**

A retribución do traballador/a será, segundo convenio colectivo vixente (DOG núm. 167, do 2 de setembro de 2015), do 70% do salario fixado na categoría laboral para o primeiro ano e do 85% para o segundo.

Primeiro ano: 18.348,14 € brutos/ano.  
Segundo ano: 22.279,89 € brutos/ano.

**3. TIPO DE CONTRATO LABORAL**

Contrato de traballo en prácticas.

**4. DEFINICIÓN DA CATEGORÍA LABORAL**

Exerce funcións de marcado carácter administrativo, significadas pola necesidade de achega de certa iniciativa. Ten dominio do idioma galego. Redacta escritos, mecanografía textos, fai asentos contables, xestión de almacén de complexidade media, anotacións estatísticas, pagamentos e cobros, arquivos e control do traballo encomendado. Coordina as relacións do departamento que lle sexan asignadas.

**5. REQUISITOS ACADÉMICOS**


Ciclo Superior en Administración e Finanzas ou Ciclo Superior en Asistencia á Dirección.

**6. CONDICIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO EN PRÁCTICAS**

Os/as aspirantes deberán cumprir coa normativa vixente respecto ás esixencias para poder traballar en España. Para a presentación a esta proba deberá traer o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

Que non transcorresen máis de cinco anos dende a obtención do título requirido, sete cando o contrato se concerte cun traballador con discapacidade.

Ningún traballador/a poderá estar contratado en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a dous anos en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade. Tampouco se poderá estar contratado en prácticas na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a dous anos, aínda que se trate de distinta titulación. Así mesmo, os/as aspirantes non poderán ter relación laboral anterior coa CRTVG ou con outra empresa na mesma ou similar categoría laboral convocada.



O período de proba será de dous meses. A duración do contrato non poderá ser inferior a seis (6) meses nin exceder os dous anos.

## 7. TRIBUNAL

- María Dolores Armada Barreiro (xefa do Servizo de Administración e Facturación), presidenta.
- José Antonio León Arceo (oficial administrativo da CRTVG), vogal.
- Ramón Novo Folgueira (asesor lingüístico da CRTVG), vogal.
- Marisol Pereiro Álvarez (xefa do Servizo de Formación e Xestión do Persoal), secretaria.

## 8. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL

Os membros do tribunal comprométense a garantir os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, ademais dos de publicidade e transparencia. Igualmente, comprométense a garantir o segredo das probas.

Os membros do tribunal reciben copia dos art. 23 e 24, de abstención e recusación, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.

Os membros do tribunal asinarán declaración de non atoparse incursos en ningún dos motivos previstos de abstención ou recusación unha vez se elabore a listaxe de inscritos.

Os membros do tribunal comprométense a publicar esta convocatoria e as seguintes publicacións do proceso na web da CRTVG ([www.crtvg.es](http://www.crtvg.es)).

Os membros do tribunal comprométense a garantir a adaptación que se considere necesaria para a participación nas probas en condicións de igualdade a aspirantes que padezan algunha discapacidade igual ou superior ao 33%, se for o caso.

O lingüista encargarse de cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto de membros do tribunal encargaranse de poñer e puntuar o resto das probas. A secretaria non participará na elaboración das probas nin as puntuará.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas para todas o algunha das probas. Os ditos asesores limitaranse ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órgano de selección. Os asesores tamén deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 28 da Lei de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e notificaranllo ao órgano convocante.

## 9. INSCRICIÓN

Para a inscrición, os/as aspirantes deberán enviar mediante correo electrónico ao enderezo [proceso.seleccion@crtvg.es](mailto:proceso.seleccion@crtvg.es) a documentación e datos indicados a continuación:

1. A convocatoria á que se presenta.
2. *Curriculum vitae*.
3. Fotocopia do DNI.



4. Acreditación do requisito académico solicitado (certificado do título ou similar).
5. Certificado da nota media emitido polo centro correspondente.
6. Certificado de vida laboral actualizado.
7. Certificado emitido pola empresa onde conste a duración do período das prácticas, o posto de traballo desempeñado e as principais tarefas realizadas, no caso de que formalizara outro contrato en prácticas.
8. Declaración xurada asinada polo aspirante, onde conste que non realizou as tarefas da mesma ou similar categoría convocada, especificadas no punto 4 da presente convocatoria, no caso de ter formalizado outro contrato de traballo, de diferente modalidade ao de prácticas.  
Achégase modelo de declaración.
9. Os/as aspirantes con discapacidade, cun grao de minusvalía acreditada igual ou superior ao 33%, deberán facer constar se precisan de adaptación de tempo e medios para a realización da proba.

Se non se presentase a documentación requirida, quedaría excluído do proceso de selección.

O prazo de inscrición remata o día **16 de xuño de 2020**.

## 10. LISTAXE DE ADMITIDOS

O tribunal seleccionará, entre os aspirantes que cumpran todos os requisitos e presentaran toda a documentación requirida no apartado anterior, os oito expedientes con maior nota media, publicando posteriormente a listaxe provisional de admitidos.

Contra estas listaxes provisionais de admitidos e excluídos poderanse presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

Estas alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico [proceso.seleccion@crtvg.es](mailto:proceso.seleccion@crtvg.es).

O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco días, publicando a continuación a listaxe definitiva de admitidos.

## 11. PROBAS

Ás probas poderanse presentar os/as aspirantes que figuren na listaxe definitiva de admitidos. As probas realizaranse o día **30 de xuño de 2020**, na sede da CRTVG en San Marcos (Santiago de Compostela), ás 10:30 h. Os/as aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

A valoración de coñecementos farase a través de:

- Proba teórico-práctica de coñecementos específicos
  - Parte teórica tipo test (60%)
  - Parte práctica (40%)
- Proba tipo test de coñecemento da lingua galega



## Proba teórico-práctica

- A parte teórica consistirá en contestar por escrito un cuestionario de vinte preguntas tipo test, propostas polo tribunal, máis dúas preguntas de reserva. Cada pregunta conterá catro respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta. A proba terá unha duración máxima de corenta minutos e cualificarase de cero a sesenta puntos e para superala será necesario obter un mínimo de trinta puntos.

Na proba teórica entrarán as seguintes materias:

### ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Principios de actuación da Administración pública.
- Fontes de Dereito administrativo.
- Concepto, principios e fases do procedemento administrativo.
- Silencio administrativo.
- Concepto, elementos e clases do acto administrativo.
- Concepto e clases de recursos administrativos.

### DEREITO DO TRABALLO E ADMINISTRACIÓN SALARIAL

- Fontes do Dereito Laboral.
- Principios para a aplicación das normas laborais.
- Concepto de salario.

### NORMATIVA DA SEGURIDADE SOCIAL (Conceptos Básicos)

(Real Decreto Lexislativo 8/2015 de 30 de outubro).

Título I. Normas Xerais do Sistema da Seguridade Social.  
Capítulos I a IV (ambos os dous incluídos)

Título II. Réxime xeral da Seguridade Social.  
Capítulos I e II

CONTABILIDADE XERAL: Plan Xeral de Contabilidade (Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro).

- Marco conceptual da contabilidade (primeira parte).
- Normas de rexistro e valoración (segunda parte).

### CONCEPTOS BÁSICOS SOBRE AS SOCIEDADES

- Empresario: concepto, clases e requisitos.
- Tipos de sociedades mercantís: sociedades anónimas e sociedades limitadas.

- A proba práctica consistirá na realización dun suposto no que os aspirantes poñan de manifesto o coñecemento e manexo de paquetes ofimáticos en contorno MS Office (folla de cálculo e procesador de textos). A proba terá unha duración máxima de trinta minutos. A proba



cualificarase de cero a corenta puntos e para superala será necesario obter un mínimo de vinte puntos.

### **Proba tipo test de coñecemento de lingua galega**

Os/as aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 4 non terán que realizar a proba de coñecemento de lingua galega. Esta proba terá un grao de dificultade consonte ao programa do certificado Celga 4, e as súas cualificacións serán unicamente de apto ou de non apto. Para ter cualificación de apto os/as aspirantes deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso. Se se dese o caso, a posesión do certificado Celga 4 (con data non posterior á de finalización do prazo de inscrición a este proceso) prevalecerá sobre o resultado obtido na proba.

A non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

### **12. LISTAXE DE PUNTUACIÓNS**

O Tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas teórica e práctica na páxina web de CRTVG.

Os/as aspirantes poderán presentar alegacións contra eses resultados provisionais no prazo de cinco días naturais desde a súa publicación.

As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico ***proceso.seleccion@crtvg.es***.

O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco días, publicando a continuación a listaxe definitiva de puntuación.

### **13. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATE**

En caso de empate, por non haber nesta categoría laboral infrarrepresentación do sexo feminino, seguiranse, por esta orde, os criterios de desempate:

1º. a favor do aspirante que tivese maior puntuación na suma das probas de desenvolvemento teórico-práctico.

2º. a favor do/a aspirante de maior idade.

### **14. ACCESO AO POSTO DE TRABALLO**

O/a aspirante seleccionado/a, deberá presentar no momento da sinatura de contrato a acreditación dos requisitos esixidos, con copia compulsada dos títulos ou certificados académicos, e informe de vida laboral.

Os/as aspirantes deberán posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA poderá esixir aos aspirantes seleccionados someterse ao recoñecemento médico realizado polo servizo médico da empresa.

No caso de que o/a aspirante seleccionado/a non acredite contar con estes requisitos, declinarase a proposta a favor do seguinte aspirante con maior puntuación.



## 15. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa normativa vixente, infórmase ao interesado de que os datos facilitados serán tratados pola Corporación Radio e Televisión de Galicia SA (Corporación RTVG), entidade prestadora do servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no seu currículo e aqueles outros que nos poida facilitar durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar a súa solicitude de emprego e, no seu caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, salvo que vostede nos indique a súa vontade en contra, serán conservados durante un ano cos fins indicados, polo que é da súa responsabilidade mantelos actualizados, posto que serán utilizados para comunicarlle futuras vacantes que se axusten ao seu perfil e poidan resultar do seu interese.

Así mesmo, informámolo de que os seus datos serán tratados sobre a base do seu consentimento, que pode retirar en calquera momento, se ben iso faría que a súa candidatura non puidera ser tida en conta nos nosos procesos de selección de persoal. Non entanto, no caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Aos/as aspirantes daráselles unha folla de consentimento voluntario de tratamento de datos.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2020



Susana Fernández Veiguela  
Directora de Recursos Humanos  
Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA

CONVOCATORIA: Proba para un contrato en prácticas na categoría laboral de oficial administrativo na Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA

**DECLARACIÓN XURADA**

Eu, D/Dona ....., con DNI....., declaro que nos contratos de traballo que figuran no certificado de miña vida laboral non realicei as tarefas da categoría convocada pola Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA especificadas no apartado catro da convocatoria.

E para que así conste aos efectos da miña participación neste proceso selectivo, asino a presente declaración.

....., ..... de.....de 2020

